




Concello de Ferrol
Medio Ambiente

Aprobado, nos termos do acordo pola
Xunta de Goberno Local, en sesión

18 XUN 2012

SECRETARIO XERAL



PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA AULA DE ECOLOXÍA URBANA

A Aula de Ecoloxía Urbana situada no espazo interior do parque municipal Raiña Sofía, é un dos equipamentos de educación ambiental dos que dispón o Concello de Ferrol cuxo fin é impulsar a sensibilización ambiental fundamentalmente no ámbito urbano.

1.-OBJECTO DO CONTRATO

Constitue o obxecto do presente contrato a organización e desenvolvemento das actividades culturais, formativas e divulgativas da Aula de Ecoloxía Urbana do Concello de Ferrol. No presente prego de prescricións técnicas fíxanse as condicións técnicas que regularán o contrato de servizos para a xestión da mencionada aula que está situada no parque municipal Raiña Sofía .

2.-DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de 1 ano contado a partir da firma do mesmo, podendo prorrogarse por mutuo acordó das partes antes da súa finalización, por un periodo igual ou inferior.

3.-PREZO DE LICITACIÓN

O precio de licitación fíxase en 43.070 euros anuais, IVE do 18 % incluído.

Este contrato será obxecto de revisión de prezos unha vez transcorrido o primeiro ano de contrato, establecendo como índice de revisión o 85 % do IPC xeral nacional

4.-DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS A DESENVOLVER POLO ADXUDICATARIO

Condicións do contrato.

O obxecto do contrato comprenderá a xestión e a realización das actividades e labores divulgativas, que se entenden como mínimas a esixir ao contratista e que se describen a continuación:

O proxecto deberá estar constituído, como mínimo , polas seguintes actividades:

- Visitas guiadas ás exposicións ubicadas no centro
- Conferencias , charlas-coloquio, proxeccións audiovisuais sobre temática ambiental (cambio climático, contaminación atmosférica, espazos naturais, etc)
- Realización de xogos de temática ambiental
- Plan de protección civil, evacuación e emrxencias específico da aula

[Handwritten signature]

- Calquera outra proposta pola empresa licitadora

Educación Ambiental para Centros de Ensinanza Primaria, Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

O proxecto que se oferte por parte das empresas licitadoras contará con un programa de actividades e os seus contidos didácticos, dirixido ao alumnado de centros educativos (centros de ensinanza primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato), sendo preferentes en todo caso os centros ubicados no Concello de Ferrol.

A atención a grupos educativos terá que contar sempre con documentos de apoio e/ou cadernos de traballo, que permitan o mellor aproveitamento das actividades.

Talleres medioambientais

O proxecto incluíra a realización de talleres dirixidos ao público infantil. O seu contido será de carácter lúdico e distendido, e o obxectivo fundamental será o de motivar o coñecemento do medio natural, o fomento de actitudes cotidianas sostibles e de participación. O proxecto presentará como mínimo unha proposta de talleres diferentes nun número non inferior a 10.

O proxecto incluíra tamén a organización de talleres dirixidos á poboación xuvenil e adultos.

A empresa licitadora presentará un proxecto de carácter didáctico ambiental, apropiado para ofertarse ao público adulto, con especial atención hacia asociacións e colectivos cidadáns de distinta natureza: asociacións xuvenís, discapacitados, asociacións veciñais, de formación ocupacional etc.

Exposición

A empresa adxudicataria responsabilizarase do mantemento e aproveitamento educativo da zona de exposición, atendendo a todos aqueles visitantes ocasionais que se acerquen ao centro ofrecendo información e atención personalizada cada un deles.

Cronograma das actividades

As empresas licitadoras deberán presentar no seu proxecto un cronograma de actividades o máis detallado posible, especificando o tipo de actividade, os medios dispoñibles, horarios de desenvolvemento, persoal adscrito, etc.

Difusión de material divulgativo

A empresa contratista vendrá obrigada á elaboración e difusión ao seu cargo de, como mínimo os materiais divulgativos que se especifican a continuación:

Diseño e impresión de catro dípticos ou trípticos de apoio, cada un deles co programa de actividades do seu respectivo trimestre e outra información xenérica. O número de exemplares de cada un será como mínimo de 500.

A empresa adxudicataria será a responsable das labores de promoción e difusión desta publicidade sufragando pola súa conta os gastos inherentes a esa distribución



A planificación desa divulgación ao igual que o resto da xestión de actividades, será supervisada polo Departamento de Medio Ambiente do Concello de Ferrol.

A empresa adxudicataria será a responsable da atención e xestión de todas as solicitudes de grupos organizados en xeral e de forma prioritaria, as dos centros escolares para a realización das actividades ofertadas no proxecto educativo proposto.

5.-MATERIAL E INFRAESTRUCTURA A DISPOSICIÓN DO ADXUDICATARIO.

Para a xestión e o desenvolvemento das actividades e dos servizos citados no presente prego, o Concello de Ferrol facilitará ao adxudicatario o local no que está ubicada a Aula de Ecoloxía Urbana e o equipamento do que dispón (exposición e paneis permanentes e módulos interactivos)

6.-MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS.

O adxudicatario deberá dispoñer dos medios materiais precisos para o correcto desenvolvemento das actividades propostas no programa.

O adxudicatario adscribirá ó servizo o equipo de monitores con formación ou coñecementos en educación ambiental en número suficiente para o correcto desenvolvemento da prestación, de xeito que durante todo o periodo de contrato a dedicación semanal sexa, como mínimo , a seguinte:

- Con carácter xeral, de martes a domingo, ambos inclusive, co seguinte horario:

Dende o 1 de abril ata o 30 de setembro	Dende o 1 de outubro ata o 31 de marzo
Mañá de 10:00 a 14:00 horas	Mañá de 10:00 a 14:00 horas
Tarde de 16:30 a 20:00 horas	Tarde de 16:00 a 18:00 horas

- A semana correspondente a Semana Santa, a Aula abrirá todos os días da semana.
- A Aula permanecerá pechada os días 1 e 6 de xaneiro e 25 de decembro.

A empresa contratista deberá contar como mínimo con un técnico titulado superior que será o que realice o seguimento e supervisión do programa de actividades de acordo co proxecto seleccionado, sendo responsable da dirección científica e didáctica do mesmo así como da coordinación do persoal da Aula.

As substitucións de persoal que se poidan levar a cabo por parte da empresa adxudicataria deberán ser informadas ao Concello (Departamento de Medio Ambiente) coa suficiente antelación cumprindo en todo caso o persoal substituto coas condicións fixadas no presente Prego.

7.-OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario queda obrigado a destinar o local e as súas instalacións ás finalidades específicas previstas no presente prego. Calquera outra actividade deberá ser autorizada pola Concellería de Medio Ambiente.



O adxudicatario será responsable directo da conservación dos equipos técnicos, bibliográficos, cadros , paneis e demais materiais expositivos, non facéndose cargo o Concello dos gastos xerados polos danos producidos por abandono, deixadez ou falta de vixianza dobre os mesmos.

Igualmente o adxudicatario ten a obriga de facilitar á Concellería de Medio Ambiente, os datos de ocupación, servicios realizados e resumos mensuais das actividades da aula.

O adxudicatario comprométese a informar inmediatamente á Consellería de Medio Ambiente de calquera dano ou avaría producida nas instalacións ou nos seus elementos para que se poida proceder á súa reparación o antes posible. O adxudicatario facilitará ao Concello as obras de mellora e acondicionamento do edificio sempre que sexa requerido.

O adxudicatario está obrigado a ter á vista e a disposición dos visitantes un libro no que éstos poidan deixar constancia de todas aquelas queixas ou suxerencias que crean convintes. Este libro do visitante deberá facilitarse o instante, sempre que sexa requerido pola Concellería de Medio Ambiente.

O adxudicatario presentará un informe ao final de cada ano natural e á finalización do contrato, no que se analizarán os diferentes aspectos do servizo prestado: conferencias, exposicións, talleres realizados, etc e a súa participación. O informe incluírá ademais suxerencias para a mellora do servizo e unha colección de fotografías que reflectan o funcionamento do servizo.

O gasto que ocasione o desenvolvemento das actividades propostas polo adxudicatario, como pode ser o alquiler ou transporte de exposicións, as conferencias, etc así como o material funxible utilizado nos talleres e obradoiros, correrán por conta do adxudicatario.

Extinguido o contrato e as súas prorrogas de ser o caso, o adxudicatario deixará as dependencias libres e en perfecto estado dentro do prazo máximo de cinco días, respondendo dos danos e prexucios, se os houbera , que lle sexan imputables.

8.-DEREITOS DA CONCELLERIA DE MEDIO AMBIENTE

A Concellería de Medio Ambiente reservase o dereito de control e inspección do funcionamento dos equipamentos. A tal efecto terá acceso a todas as dependencias e requerirá ao adxudicartario as información que crea oportunas.

Establécese expresamente que calquera escrito, impreso, letreiro, folleto carpetas ou material de divulgación deberá ser aprobado previamente pola Concelleria de Medio Ambiente. Pola súa banda o Concello poderá editar o material que crea convinte.

Calquera obra, modificación ou restitución que propoña o adxudicatario deberá ser aprobada pola Concellería de Medio Ambiente.

Os adxudicatarios teñen a obriga de asistir ás reunións convocadas pola Concellería de Medio Ambiente para a coordinación, avaliación e mellora das actividades dos equipamentos, así como para informar das actividades previstas e outras cuestións relacionadas co funcionamento das instalacións.

M. L. L. L. L. L.

9.-MELLORAS

No caso de ofertar melloras, estas deberán estar relacionadas directamente co obxecto do contrato e valoradas economicamente, sen que a realización desas melloras supoña coste algún para o Concello de Ferrol.

Ditas melloras poderán consistir na dotación de material bibliográfico para o centro, a elaboración e impresión de unidades didácticas ou folletos informativos con contidos relacionados coa temática ambiental e urbana e que estén dispoñibles en formato papel e en formato dixital.

10.-FORMA DE PAGO


O aboamento realizarase parcialmente por mensualidades completas, mediante certificación expedida polo técnico director, comprensiva dos traballos realizados

11.-CONTIDO DA OFERTA

O licitador incluírá na oferta unha memoria técnica coa información suficiente para o coñecemento do proxecto proposto, os traballos a desenvolver e os medios humanos e materiais que adscribirá ao servizo e, de ser o caso, as melloras propostas.

Ferrol, 11 de marzo de 2012

Atécnica municipal de Medio ambiente



Mª del Carmen Vidal Bolaño

CRITERIOS DE VALORACIÓN

- Proposición económica..... ata 45 puntos
- Proxecto técnico.....ata 26 puntos
 - programa educativo primaria, secundaria, bacharelato....ata 6 puntos*
 - programa didáctico para adultos.....ata 6 puntos*
 - programa visitantes ocasionais.....ata 6 puntos*
 - medios humanos adscritos ao servizo.....ata 4 puntos*
 - medios materias adscritos ao servizo.....ata 4 puntos*
- Melloras propostas.....ata 4 puntos

Ferrol, 11 de marzo de 2012

A técnica municipal de Medio Ambiente



Mª del carmen Vidal Bolaño